

Artigo 4. Beneficios fiscais

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de enterramentos de falecidos carentes de recursos económicos e cadáveres sen identificar por orde xudicial.

Artigo 5. Cota tributaria

A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

CONCESIÓN TEMPORAIS:

- A. Parcela (para construción de panteón sobre terreo):
Por período de 75 anos: 262,00 euros/m².
- B. Panteón:
Por período de 75 anos: 5.300,00 euros.
- C. Nicho:
Por período de 10 anos: 150,00 euros.
Prórrogas (2 anos): 30,00 euros.
- D. Cinceiros/columbarios:
Por período de 10 anos: 30,00 euros.
Prórrogas (2 anos): 6,00 euros.

LICENCIAS:

- A. INHUMACIÓN:
Nicho - filas: 78,00 euros.
Soterrado: 86,00 euros.
- B. EXHUMACIÓN:
Nicho - filas: 65,00 euros.
Soterrado: 92,00 euros.
- C. TRASLADOS: 80,00 euros.
TRANSMISIONS: 10 euros.

Artigo 6. Devengo

A taxa devéngase cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, para estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles.

Artigo 7. Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación do servizo de que se trate.
2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma polo Servizo de Xestión Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o, entrará en vigor e será de aplicación unha vez sexa aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, conforme ás disposicións vixentes na ma-

teria, sendo de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

Marín, 20 de xaneiro de 2009.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto. **2009000749**

A N U N C I O

Non producíndose reclamacións ó Regulamento dos Rexistro Municipal de Asociacións é considerándose aprobado definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

O Rexistro Municipal de Asociacións é un organismo que quere recoller todas as entidades sen ánimo de lucro que actúan dentro do marco territorial do concello de Marín. Trátase de coñecer a situación real das asociacións existentes, para definir as liñas que impulsen a consolidación dun tecido social organizado e moderno que busque vías e se axuste mellor aos intereses dos cidadáns de hoxe, para participar e actuar nos asuntos que lles preocupan.

Art. 1

O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitirle ao Concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins, representatividade e incidencia, para os efectos de posibilitar unha política municipal adecuada que contribúa a fortalecer o tecido asociativo do noso concello.

Art. 2

O Rexistro Municipal de Asociacións é independente do Rexistro Xeral de Asociacións autonómico, polo que a inscrición das entidades ou organizacións neste último non suporá a inscrición no primeiro.

Art. 3

O rexistro dependerá da Secretaría Xeral e a súa xestión e mantemento serán realizados pola unidade administrativa encargada dos asuntos de participación cidadá (consellos municipais), seguindo as directrices establecidas pola secretaría do Concello.

Art. 4

Os datos contidos no Rexistro Xeral de Asociacións serán públicos.

*INSCRICIÓN NO REXISTRO**Art. 5*

Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións as entidades cidadás legalmente constituídas, de funcionamento democrático, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa a defensa e a mellora dos intereses xerais ou sectoriais do municipio, en particular as asociacións de veciñas e veciños, das nais e pais, das entidades culturais, medioambientais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outra similar que exerzan as súas actividades dentro do ámbito territorial do concello de Marín.

Art. 6

As asociacións interesadas na inscrición deberán achegar os seguintes datos:

1. Estatutos e acreditación da data de constitución da asociación.
2. Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións ou noutros rexistros públicos.
3. Datos de identificación das persoas que ocupen os cargos directivos.
4. Domicilio social e identificación social.
5. Breve memoria dos servizos e actividades programados para o ano en curso.
6. Certificación do número de socios.
7. Territorio de actuación.
8. Autoasignación a un sector de actividade.

Art. 7

A unidade administrativa encargada da xestión do rexistro realizará as comprobacións oportunas para a inscrición das asociacións e deberá, no prazo dun mes, contando dende a solicitude de rexistro, comunicarlle á asociación interesada o seu número de inscrición. O transcurso do prazo poderá interromperse no caso de que fose necesario requirir a asociación para que presente documentación non incluída inicialmente. Se transcorrido o prazo concedido a asociación non achega os datos requiridos, entenderase que desiste da súa pretensión de ser inscrita.

No caso de que a asociación solicitante non obtivese resposta á solicitude de inscrición no sinalado prazo dun mes, a inscrición entenderase efectuada, sempre que a asociación achegue os datos contidos nos puntos 1 a 4 do artigo 6.

Art. 8

A partir da data de comunicación do número de inscrición, considerarase que a asociación está dada de alta no ficheiro municipal de asociacións para todos os efectos.

Art. 9

As asociacións inscritas, tras a petición por escrito presentada nos servizos correspondentes, poderán acceder ao uso de medios públicos municipais.

As autorizacións concederanse atendendo as actividades programadas, dispoñibilidade de espazos, persoal e horarios, segundo os criterios dos servizos responsables.

Así mesmo, as asociacións inscritas poderán acceder ás accións formativas que impulse o Concello en fomento do asociacionismo.

Art. 10

Tras a solicitude escrita dirixida ao Concello, as asociacións inscritas poderán recibir no seu domicilio social as convocatorias dos órganos colexiados municipais cuxas sesións sexan públicas, cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social destas.

Art. 11

As asociacións inscritas mediante solicitude escrita dirixida ao Concello poderán recibir os acordos e resolucións adoptados polos órganos municipais cando o seu contido afecte a temas relacionados co obxecto social da entidade.

Art. 12

O Concello, tras a petición expresa das asociacións inscritas interesadas, remitiralles as publicacións que, editadas polo Concello, resulten de interese para aquelas atendendo o seu obxecto social.

Art. 13

O Concello, en función do volume de solicitudes de remisión de documentos que rexistre, poderá arbitrar sistemas de publicación das ordes do día e resolucións que teña que remitir que lles permitan ás asociacións inscritas interesadas acceder a estes (colgaraos na páxina web do Concello).

Art. 14

Na medida en que os recursos municipais o permitan, o Concello realizará anualmente convocatorias para a concesión de subvencións económicas ás asociacións.

Art. 15

As asociacións inscritas poderán solicitar a declaración de asociación de interese ou utilidade pública municipal, cando o seu obxecto social e as actividades que realicen teñan un carácter sen ánimo de lucro e complementario con respecto ás competencias municipais. A concesión ou denegación correspóndelle ao Pleno do Concello, tras o ditame da comisión informativa correspondente. Esta decla-

ración será necesaria para a obtención dos beneficios fiscais ou doutra natureza que poidan establecerse.

Art. 16

A instancia ou petición de declaración de utilidade pública iniciárase con petición razoada á Alcaldía e xuntando a seguinte documentación:

1. Exposicións de motivos nos que se basee a petición.
2. Informe do Rexistro Municipal de Asociacións, cos datos actualizados da entidade solicitante.
3. Memoria das actividades realizadas desde os dous últimos anos anteriores á solicitude debidamente xustificadas e documentadas.

Art. 17

Os distintos departamentos municipais articularán as relacións de colaboración necesarias, co fin de facilitar a tramitación dos asuntos promovidos polas asociacións debidamente inscritas, e será a

unidade administrativa responsable da xestión deste rexistro de asociacións a encargada de lles subministrar a outras unidades municipais os datos referentes ás asociacións que estean nos arquivos municipais.

Art. 18

As asociacións inscritas están obrigadas a actualizar os datos no rexistro e a notificar cantas modificacións se produzan, no prazo máximo dun mes. En todo caso, cada ano as asociacións actualizarán os ditos datos e achegarán certificación do número de socios. No mes de xaneiro de cada ano, as asociacións presentarán unha memoria onde constará, como mínimo, a relación de actividades realizadas e o balance económico do exercicio anterior e a súa aplicación e mais o programa de actividades e orzamento para o ano en curso.

Art. 19

As asociacións responderán do uso realizado das instalacións municipais e dos danos que nestas se poidan causar pola súa utilización.

Art. 20

O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar, tras a tramitación do oportuno expediente, á baixa da asociación no rexistro coa conseguinte perda dos dereitos enumerados neste regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A entrada en vigor do presente regulamento prodúcese logo de que se publique enteiramente o

seu texto no BOP e unha vez que transcorra o prazo de 15 días.

Marín, 20 de xaneiro de 2009.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Veiga Soto. **2009000750**

A N U N C I O

Non producíndose reclamacións ó Regulamento dos Cemiterios Municipais de Marín é considerándose aprobado definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

**REGULAMENTO DOS CEMITERIOS
MUNICIPAIS DE MARÍN**

LIMIAR

A competencia nesta materia vénlles atribuída aos concellos, en virtude do artigo 25.2.j da Lei 7/85, de bases de réxime local (LBRL); do 80.2.J da Lei 5/97 de Administración local de Galicia (LALG) e do 42.3.e da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, un servizo que é de prestación obrigatoria en todos os concellos (artigo 26.1.a da LBRL e 81.a da LALG).

CAPÍTULO 1

DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 1. O obxecto deste regulamento é a ordenación do servizo dos cemiterios públicos municipais de Marín, con suxeición ás normas que se establecen, sen prexuízo da aplicación da normativa sanitaria vixente.

Art. 2. Naqueles aspectos non regulados no presente regulamento estarase ao disposto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia, Regulamento de policía sanitaria mortuoria estatal, Lei xeral de sanidade e Lei reguladora das bases de réxime local e disposicións de desenvolvemento.

Art. 3. Este regulamento comprende os seguintes cemiterios de titularidade municipal no termo municipal de Marín (xunto coas instalacións que posúe cada un deles):

- a) Cemiterio de San Pedro da Raña.
- b) Cemiterio de Santa M.^a do Campo.
- c) Cemiterio de Ardán.

Art. 4. O horario de apertura e peche dos cemiterios municipais será regulado pola Alcaldía en función das distintas estacións do ano e das dispoñibilidades do persoal.

O horario de apertura ao público será exposto en lugar visible nas entradas principais dos cemiterios municipais.